



Botamos a andar con **Vedra medra**...

Esta vez comezamos abrindo camiño na comarca da Ulloa, no concello lucense de Palas de Rei, co alumnado de 3.º da ESO.

A primeira parada que fixemos foi na igrexa de Vilar de Donas, un dos exemplos máis importantes do románico galego no Camiño de Santiago.

A igrexa, que data de principios de século XIII, foi declarada monumento histórico-artístico en 1931 e nela destacan as pinturas murais que decoran a ábsida central e que forman un dos conxuntos mellor conservados de Galicia.

O vínculo de Vilar de Donas co apóstolo Santiago e as peregrinacións a Compostela viña xa de 1148, en tempos de Alfonso IX, cando se doa o mosteiro que aquí había á Orde Militar de Santiago.

Sabemos que o *Códice Calixtino* citaba a Palas de Rei como parada obrigada dos peregrinos para afrontar os últimos treitos da ruta xacobeá.

Visitamos tamén o castelo de Pambre, restaurado e aberto ao público dende hai un ano, e considerado o mellor exemplo de arquitectura militar medieval de Galicia. A fortaleza, que se atopa na beira do río de Pambre, fora a única que resistira a revolta irmandiña de 1467.

O escritor don Antonio López Ferreiro, cura e despois veciño de Vedra, elixira *O castelo de Pambre* como título para unha das súas novelas.

Finalizamos o noso percorrido pola comarca da Ulloa botándonos ao Camiño. Escollemos o treito entre O Coto e Melide. Entrando na provincia da Coruña, fomos descubrindo unhas paisaxes de outono ben fermosas que acubillaban, entre outros tesouros, a igrexa gótica de Santa María do Leboreiro ou a ponte medieval de Furelos.